

Con indisimulado manierismo romántico, esta voluminosa novela tece un amable relato costumista da incipiente burguesía da vila da Guarda a principios do século XIX, a coincidir co cambio de réxime e as guerras napoleónicas. As peripecias dos personaxes, nun lugar e tempo tan oportunamente fronteirizos, transcorren parellas e motivadas polo devir da Historia, cunha mestura de ficción e realidade que lle dá pé á autora para ofrecer interpretacións e matices fóra dos rexistros oficiais (velai, por exemplo, o papel dos Borbóns ou de sir John Moore), de xeito que, mentres assistimos á construción do sentimento amoroso entre unha rapaza orfa e un rico propietario –que nunca imaxinamos sen final feliz–, se nos presenta tamén un plano xeral do contexto sociopolítico, cuxos vicios, virtudes e contradicións se atopan encarnados no amplo –e funcional– abano de personaxes.

A orfa Rosiña, recreación canónica dunha heroína de Austen, retrátase “fermosa, cariñosa, alegre, intelixente, forte e valente” –o dos seus poderes máxicos semella irrelevante–, capaz de aprender soa por observación e reflexión, e disposta a aproveitar todas as oportunidades. Pola súa especial situación doméstica, participa e relaciónase co mundo dos amos e mais dos serventes, aínda que sen pertencer claramente a nin-

gún deles. Carece, evidentemente, da educación dunha señorita, mais o feito crucial de saber ler, a súa sensibilidade innata e o seu sentido moral e humanitario permítenlle trascender o destino que o seu status parecía depararlle. O seu ascenso por méritos propios reflicte os novos ideais da Ilustración en canto a figura da muller solteira e mais da esposa, que pasa de ser humilde e sumisa, sen posibilidade de elixir o futuro, entregada polo pai ao matrimonio como única garantía de posición social e seguridade económica (e a este respecto cabe confrontar as actitudes e aspiracións da rival Leonor), a procurar nesa unión felicidade, igualdade e respecto. Non quere ser posuída, senón amada. Don Leandro, pola súa parte, tamén exemplifica un cambio social, pois non se amosa xa feudal e paternalista, senón que conta cunha educación liberal, europea e artística, que o fai aprezar as persoas independentemente da orixe, e lévao, por exemplo, a

recoñecer a dura situación dos labregos e a súa capacidade de autoxestión. O resto dos personaxes, como máis arriba se comentaba, representan estereotipos sociais máis que individuos memorables, entre os que cabe destacar o médico afrancesado defensor das vacinas, a brillante e mundana Leonor, xa citada, e nomea-

Amable crónica costumista

Con fórmulas clásicas

DOLORES MARTÍNEZ TORRES



damente as dúas figuras protectoras de Rosiña, unha luar (tía Ermelinda) e outra solar (James Grey), cada unha delas, ao seu xeito, transgresoras e fóra das convencións.

Dividida en tres tempos, determinados estes pola chegada de novidades á vila (o final, coa guerra, é máis animado), a novela repite fórmulas clásicas, e a súbita –e ben tardía– irrupción do narrador como personaxe semella a única sorpresa estilística. Xunto á mencionada aparición estelar da realidade da época, nesta rendida homenaxe á narrativa decimonónica non faltan as características historias internas, os silencios decorosos e os malentendidos, e mesmo o humor e as chiscadelas tanto metaliterarias (míster Darcy, o asasinato de Napoleón) como á actualidade (ai, eses tratos “co xénero masculino”). Iso si: os amantes da acción e da emoción botarán en falta un pouco de suspense, ou de perigo, ou ata de crueldade entre tanta cotidianidade e tanta –e sensata– defensa da orde e o progreso. *AMEIXIDE, Puri, Claro de lúa, Ed. Xerais, Vigo, 2018, PVP 21 €*